

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Relacións Laborais

*Resolución da Xefatura Territorial da Coruña pola que se ordena o rexistro e publicación do convenio colectivo de traballo da empresa U.T.E. Limpiezas Puerto A Coruña*

Visto o expediente do convenio colectivo de traballo da empresa U.T.E. LIMPIEZAS PUERTO A CORUÑA (código de convenio 15100412012014), que foi subscrito pola comisión negociadora na xuntaza do 23.10.2014, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

A Xefatura Territorial de Traballo e Benestar da Coruña

#### RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 22 de decembro de 2014.

Xefa territorial

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

**CONVENIO COLECTIVO DE APLICACIÓN PARA OS TRABALLADORES ADSCRITOS Ó SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PORTO DA CORUÑA (U.T.E. LIMPIEZAS PUERTO A CORUÑA)**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

#### CAPÍTULO I

#### NORMAS XERAIS

##### Artigo 1.º.-Ámbito de aplicación.

O presente convenio colectivo aplicarase a todo o persoal da U.T.E. Limpiezas Puerto A Coruña adscrito o servizo de limpeza do porto da Coruña.

##### Artigo 2.º.-Duración, vixencia, prórroga e revisións.

Con independencia da súa publicación no B.O.P, este convenio terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015, prorrogándose por anos sucesivos de non ser denunciado con un mes de antelación a conclusión do ano natural. Unha vez denunciado será prorrogado anualmente, de maneira indefinida, ata que sexa substituído por un novo convenio colectivo negociado a nivel de empresa, sin que sexa de aplicación o prazo establecido no art. 86.3 do E.T.

##### Artigo 3.º.-Vinculación á totalidade.

As condicións aquí pactadas vinculan á totalidade dos produtores do centro de traballo ó día da sinatura ou que no futuro puidesen contratarse.

##### Artigo 4.º.-Garantía “ad personam”.

Calquera mellora que viñesen gozando os traballadores superior ó aquí pactado, garantirase estritamente “ad personam”.

**Artigo 5.º.-Absorción e compesación.**

As condicións económicas establecidas neste convenio compesarán e absorberán as existentes no intre da súa sinatura, respectando o estipulado no artigo 4.º.

Os aumentos de retribucións que se puidesen producir no futuro por disposicións de xeral aplicación só poderán afectar ó pactado se, consideradas en cómputo anual, superan ás aquí pactadas; no caso contrario serán absorbidas e compensadas por estas, substituíndo o presente convenio nos termos do capítulo III deste.

**Artigo 6.º.-Cláusula de remisións.**

Será de inmediata aplicación o convenio colectivo general del sector de saneamiento público, limpieza viaria, riegos, recogida, tratamiento y eliminación de residuos, limpieza y conservación de alacantarillado, ou, se é o caso, o que o substitúa en todo o aquí non pactado, ou que, estándoo, sexa máis beneficioso para os traballadores, é dicir, que non se realizará unha comparación global, senón conceptual, o que implica que cada mellora que exista naquel convenio será automaticamente de aplicación ós traballadores afectados por este, tanto se neste non existe a cláusula de referencia como, aínda existindo, se a mellorase. Non será de aplicación o convenio colectivo antes mencionado no relativo ó previsto no capítulo III (Condicións Económicas) deste convenio.

**Artigo 7.º.-Comisión mixta paritaria.**

Ambas partes acordan establecer unha comisión mixta como órgano de interpretación e vixilancia co cumprimento do pactado neste convenio colectivo, que terá a súa sede nos locais do centro de traballo no peirao de San Diego na antiga nave de Grúas no Porto de A Coruña con C.P.

A comisión mixta estará integrada paritariamente polo representante dos traballadores e o representante da empresa, asinantes deste convenio.

A comisión será convocada por calquera das partes, bastando para elo unha comunicación escrita na que se expresen data, lugar e hora para a celebración da xuntanza, na que deba contestar a outra parte nun prazo non superior a tres días. A xuntanza celebrarase no prazo improrrogable de 10 días dende a recepción da comunicación da mesma pola outra parte.

Son funcións da comisión mixta as seguintes:

- Interpretación do convenio colectivo.
- Vixilancia e cumprimento do convenio.
- Facultade de conciliación previa daquelas cuestións a sexan sometidas de común acordo polas partes.
- Clasificación profesional.
- Resto de funcións establecidas ao longo do articulado do convenio.
- No caso de discrepancias no seo da comisión mixta, estas poden por acordo das partes, someterse aos sistemas non xudiciais de solución de conflitos establecidos no AGA.

**CAPÍTULO II****CONDICIÓNS DE TRABALLO****Artigo 8.º.-Xornada de traballo.**

A xornada de traballo será de 39 horas semanais, de luns a sábado, dispoñendo os traballadores de dez minutos diarios para aseo persoal ó rematar cada unha das xornadas laborais de mañá e tarde, que contarán como xornada para tódolos efectos, non podendo ser descontados desta mesma no caso de non lle da-la utilidade mencionada.

Establécese o Sábado Santo e o 16 de xullo (Virxe do Carme) como festivos non recuperables.

**Artigo 9.º.-Vacacións.**

Todo o persoal adscrito a este convenio gozará anualmente de 31 días de vacacións retribuídas, ou a parte proporcional que lle corresponda en función da data da súa incorporación á empresa.

O disfrute das vacacións será rotatorio, sendo o periodo de disfrute destas dos meses de xuño a setembro, e dicir, o traballador que un ano disfrute as súas vacacións durante o mes de xuño, o ano seguinte tocaralle disfrutalas no se-

guinte mes, que neste caso sería no mes de xullo, e así sucesivamente ata chega o mes de Setembro, onde se volvería a empezar.

As vacacións retribuiranse cunha mensualidade, agás o complemento de transporte.

Poderase modificalo calendario vacacional aprobado segundo o exposto anteriormente sempre e cando sea de mutuo acordo entre o traballador afectado, o representante dos traballadores e a empresa.

### CAPÍTULO III

#### CONDICIÓNS ECONÓMICAS

##### **Artigo 10.º.-Salario base.**

O salario base do persoal afectado por este convenio será o que, para cada posto e traballo, se establece na táboa salarial anexa, retribuíndose este por días naturais.

##### **Artigo 11.º.-Antigüidade.**

A antigüidade consistirá en tres bienios do cinco por cento e posteriores quinquenios do sete por cento, calculados sobre o salario base de cada un dos produtores.

Acórdase a conxelación do incremento salarial derivado da antigüidade para os anos 2014 e 2015, sen afectar, en ningún caso, o cómputo de anos de antigüidade dos traballadores (para futuras subas nos tramos correspondentes).

##### **Artigo 12.º.-Plus de asistencia.**

Establécese un plus de asistencia, que se aboará por días efectivos de traballo, na contía de 2,63 € por día, contándose para estes efectos 299 días no ano natural.

##### **Artigo 13.º.-Incentivos.**

O actual plus de incentivos mensual para todo o persoal, queda fixado en 446,39 €, mensuais.

##### **Artigo 14.º.-Plus de conductor.**

Percibirá este plus mensual o operario que efectúe este cometido, e será de 107,93 €, mensuais.

##### **Artigo 15.º.-Plus de varredora.**

Percibirá este plus mensual o operario que efectúe este cometido, e será de 33,74 €, mensuais.

##### **Artigo 16.º.-Plus de transporte.**

Para supli-los gastos ocasionados polo transporte ó centro de traballo establécese un plus extrasalarial, que se aboará por días efectivos de traballo, na contía de 2,20 € por día, contándose para estes efectos 274 días no ano natural.

##### **Artigo 17.º.-Plus voluntario.**

Ós traballadores que a 1 de xaneiro do 2001 viñan percibindo o plus voluntario, seguiráselles aboando este; sendo o carácter do dito plus de contía fixa e non absorbible. A contía deste será a percibida, por cada traballador.

##### **Artigo 18.º.-Anticipos.**

Os traballadores terán dereito a percibir, sen que chegue o día sinalado para o cobramento, anticipos a conta do traballo xa feito, non podendo ser superior ó 90 por cento do realmente traballado.

##### **Artigo 19.º.-Pagamento de salarios.**

A empresa aboará as retribucións mensuais o último día de cada mes, e se este cadrase en festivo, farao o día anterior. A empresa concederá unha hora para o cobramento cando o pagamento se faga mediante talón bancario.

##### **Artigo 20.º.-Pagas extraordinarias.**

Establécense tres pagas extraordinarias: beneficios, xullo e decembro.

As pagas de xullo e decembro retribuiranse semestralmente. A paga de xullo (reportaranse do 1 de xaneiro ó 30 de xuño). Aboarase coa mensualidade de xuño. A paga de decembro (retribuirase do 1 de xullo ó 31 de decembro). Aboarase o día 15 de decembro.

A paga extraordinaria de beneficios retribuirase do 1 de xaneiro ó 31 de decembro, e aboarase o día 15 de marzo do ano seguinte.

As pagas extraordinarias aboaranse a razón de 30 días de salario base mais antigüidade.

**Artigo 21.º.-Cláusula de revisión. Incremento salarial.**

Acórdase a conxelación salarial e de tódolos conceptos económicos, incluído o incremento correspondente por antigüidade estipulado no artigo 11, para o ano 2014.

Acórdase a conxelación salarial e de tódolos conceptos económicos, incluído o incremento correspondente por antigüidade estipulado no artigo 11, para o ano 2015.

No caso de prórroga, de acordo co artigo 2 do convenio, por un ou máis anos e únicamente a partir do ano 2016, inclusive, efectuarase unha revisión anual automática sobre tódolos conceptos económicos que lles garantice ós traballadores o I.P.C. real do ano anterior, publicado polo INE ou organismo que o substitúa. E dicir, acórdase para o ano 2016, e posteriores, o incremento de tódolos conceptos económicos ó I.P.C. real do ano 2015, e así sucesivamente.

**Artigo 22.º.-Horas extras.**

A hora extra, sempre e cando sexa necesario realizalas, aboaranse a 15,81 € as realizadas os días laborables e a 18,06 € as realizadas en días festivos e nocturnas.

## CAPÍTULO IV

### MELLORAS SOCIAIS

**Artigo 23.º.-Incapacidade transitoria.**

No caso de incapacidade transitoria por enfermidade común, a empresa completará as prestacións da Seguridade Social ou organismo que o substitúa ata o cen por cento de tódolos conceptos económicos desde o día 4 desta, agás horas extraordinarias.

No caso de que a incapacidade transitoria requira hospitalización, aboaranse o cen por cento desde o primeiro día desta.

No caso de incapacidade transitoria por accidente, a empresa completará ata o cen por cento de tódolos conceptos económicos desde o primeiro día desta.

**Artigo 24.º.-Fondo de anticipos.**

Ó se inicia-la vixencia deste convenio créase, pola parte económica e pola súa conta, un fondo de anticipos para os traballadores afectados por este convenio colectivo que se concederán a solicitude individual de acordo co que segue:

- 1) Os anticipos concederanse por rigorosa orde de solicitude.
- 2) A contía máxima do anticipo será de 901,86 € por traballador.
- 3) A amortización da cantidade solicitada será do 10 por cento mensual a partir da mensualidade seguinte á adxudicación deste.
- 4) Non se terá dereito a novos anticipos ata que se amortice o anterior.
- 5) Estes anticipos concederanse con independencia do previsto no artigo 18.º do convenio.
- 6) No caso de discrepancia, esta será resolta pola comisión paritaria.

**Artigo 25.º.-Roupa de traballo e complementos.**

A empresa entregará a cada produtor, anualmente, dous traxes de verán e dúas camisas, dous buzos, un traxe de augas, un anorak cada dous anos, botas de seguridade e botas de auga, segundo necesidades, dúas toallas, xabón para a ducha e papel hixiénico.

**Artigo 26.º.-Revisión médica.**

Anualmente realizarase, como mínimo, unha revisión médica a tódolos traballadores, en horas de traballo e por conta da empresa. A través da mutua de accidentes e enfermidade profesional que a empresa ten concertada.

**Artigo 27.º.-Licencias retribuídas.**

Os traballadores terán dereito a permisos retribuídos nos seguintes supostos, sen prexuízo do disposto na artigo 37 do Estatuto dos Traballadores :

- a) Dezaioito días naturais no caso de matrimonio.

- b) Cinco días naturais no caso de enfermidade grave de familiar en primeiro grao.
- c) Catro días naturais no caso de falecemento, accidente, hospitalización o intervención quirúrgica sin hospitalización que precise reposo domiciliario dalgún familiar en primeiro grao.
- d) Dous días naturais no caso de falecemento ou enfermidade grave, accidente, hospitalización o intervención quirúrgica sin hospitalización que precise reposo domiciliario de familiar en segundo grao, nos casos que téñase que facer desprazamento o permiso será de catro días.
- e) Un día natural por falecemento de familias en terceiro grao.
- f) Seis días naturais por nacemento de fillos.
- g) Un día natural por traslado de domicilio habitual.
- h) O goce dos permisos necesarios para concorrer a exames, cando curse estudos para obtención dun título académico ou profesional; deberá acreditarse a concurrencia ós ditos exames.
- i) O tempo necesario para asistencia a consulta.
- j) Polo tempo necesario para o cumprimento dun deber público ou persoal.
- k) Polo tempo necesario para a renovación do carné de conducir ou identidade.
- l) Durante o ano concederáse dous días retribuídos por asuntos propios, terase que avisar cunha antelación de 15 días á empresa, non podendo coincidir dous traballadores nas mesmas datas de disfrute.

#### **Artigo 28.º.-Licencias non retribuídas.**

Durante o ano concederanse ata un máximo de catro días de licencias non retribuídas por petición e segundo as necesidades dos traballadores.

#### **Artigo 29.º.-Seguro de vida.**

A empresa subscribirá unha póliza de seguro colectivo a prol de todos e cada un dos traballadores afectados por este convenio, por un capital de 27.056,53 €, para contingencias de morte, incapacidade permanente total, incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez, derivados calquera deles de accidente laboral, incluído o accidente in itinere. Asimesmo a póliza terá unha cobertura, de 4.509,47 € por traballador, para sufragar os gastos de enterro en caso de morte dos traballadores.

A empresa estará na obriga da entrega dunha copia da póliza de seguro ó representante dos traballadores cada ano.

#### **Artigo 30.º.-Xustificantes médicos.**

A empresa confeccionará un modelo de xustificantes de asistencia a consulta médica para uso dos traballadores. No caso de enfermidade, este volante, selado ou asinado polo médico, será xustificante suficiente do tempo de ausencia do traballador.

#### **Artigo 31.º.-Dereitos sindicais.**

O crédito horario dos representantes legais dos traballadores será acumulable anualmente.

### **CAPÍTULO V**

#### **Artigo 32.º.-Subrogación do persoal.**

Será de aplicación o capítulo XI e os artigos 49.-Estabilidade no emprego, artigo 50.-Subrogación de persoal, artigo 51.-Supostos de agrupación ou división de contratas, artigo 52.-Documentos a facilitar pola empresa saínte á empresa entrante e artigo 53.-Prórroga provisional de contido e efectos, do convenio colectivo do sector de saneamento público, limpeza viaria, riegos, recollida, tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación de alcantarillado do B.O.E. 30 de xullo de 2013, ou os preceptos sobre tales materias, que poderán ser pactados no convenio colectivo do sector que substitúa ao publicado no BOE 30 de xullo de 2013.

#### **Disposicións adicionais**

**Primeira.**-Páctase no presente convenio colectivo que nos supostos de extinción dos contratos de traballo do persoal adscrito ó centro de traballo de aplicación deste convenio, ben por causas obxectivas ó amparo do establecido no artigo 52 do Estatuto dos traballadores, ou ben por despedimento disciplinario de acordo co establecido no artigo 54 do xa citado Estatuto dos traballadores, a indemnización que, se é o caso, corresponda por despedimento, e no suposto de que este sexa declarado improcedente, calcularase a razón de 45 días de salario por ano de servizo, cun máximo de 42 mensualidades.

**Disposicións finais**

**Primeira.**–Non operará no presente convenio a mobilidade xeográfica prevista no artigo 40 do Estatuto dos traballadores, estando o persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación deste convenio suxeito á prestación de servizos dentro do obxecto da concesión administrativa, neste caso a limpeza e recollida de residuos do porto da Coruña.

**Segunda.**–En todo o non previsto neste convenio colectivo haberá que a terse ó disposto no convenio colectivo del sector de saneamiento público, limpieza viaria, riegos, recogida, tratamiento y eliminación de residuos, limpieza y conservación de alcantarillado do B.O.E. 30 de xullo de 2013, Estatuto dos traballadores, Lei orgánica de liberdade sindical e demais lexislación vixente que poida resultar de aplicación, no seu caso.

**Terceira.**–Os atrasos salariais derivados da aplicación deste convenio colectivo aboaranse na mensuralidade da súa sinatura ou, se é o caso, de ser isto imposible, aboaranse na mensuralidade seguinte.

Sendo as 12 horas do 23 de outubro de 2014, reunidos nos locais da empresa U.T.E Limpieza Puerto de A Coruña asinan o convenio colectivo, por a parte empresarial D. Francisco Saavedra Calo e dona Stella López Rey e en representación dos traballadores (como representante legal) D. José Manuel Tuset Rey.

**ANEXO I**

**Táboa salarial convenio colectivo U.T.E. Limpiezas Puerto A Coruña, para os anos 2014 e 2015, para o centro de traballo do porto da Coruña**

Grupo profesional	Nivel retributivo	Posto de traballo	Salario base mes	Salario base día	Complemento asistencia día	Complemento transporte día	Complemento incentivo mes
	I	Encargado porto A Coruña	1.231,51 €		2,63 €	2,20 €	446,39 €
Grupo I	II	Encargado	37,73 €	2,63 €	2,20 €	446,39 €	
	I	Oficial 1.ª condutor	37,73 €	2,63 €	2,20 €	446,39 €	
Grupo II	II	Oficial 1.ª	37,73 €	2,63 €	2,20 €	446,39 €	
Grupo III	I	Peón	33,95 €	2,63 €	2,20 €	446,39 €	
			<b>Por meses no ano</b>	<b>Por días no ano</b>	<b>Por días no ano</b>	<b>Por días no ano</b>	<b>Por meses no ano</b>
			12	365	299	274	12

Plus de condutor: se aboará a cantidade de 107,93 € mensuais para o persoal que efectúe este servizo.

Plus de varredora: se aboará a cantidade de 33,74 € mensuais para o persoal que efectúe este servizo